

ÍNDICE

1. Introducción.....	páx. 2
2. Metodoloxía.....	páx. 3
3. FAMILIAS PROFESIONAIS.....	páx. 6

(orde alfabética siglas)

- 1) Agraria **(AA)**
- 2) Administración e oficinas **(AO)**
- 3) Artesanía **(AR)**
- 4) Automoción **(AU)**
- 5) Comercio **(CC)**
- 6) Docencia e investigación **(DO)**
- 7) Servizos ás empresas **(EM)**
- 8) Edificación e obras públicas **(EO)**
- 9) Fabricación de equipos electromecánicos **(FE)**
- 10) Industrias alimentarias **(IA)**
- 11) Industrias gráficas **(IG)**
- 12) Información e manifestacións artísticas **(IM)**
- 13) Industria pesada e construcións metálicas **(IP)**
- 14) Industrias químicas **(IQ)**
- 15) Industrias téxtiles **(IT)**
- 16) Industrias da madeira e a cortiza **(MD)**
- 17) Minería e primeiras transformacións **(MN)**
- 18) Montaxe e instalacións **(MO)**
- 19) Mantemento e reparación **(MR)**
- 20) Pesca e acuicultura **(PA)**
- 21) Producción, transformación e distribución de enerxía e auga **(PT)**
- 22) Sanidade **(SA)**
- 23) Seguros e finanzas **(SF)**
- 24) Servizos á comunidade e persoais **(SP)**
- 25) Transportes e comunicacións **(TC)**
- 26) Turismo e hostalería **(TH)**

1. Introducción

A elaboración dos indicadores de programación da formación profesional ocupacional, realizada anualmente polo Instituto Galego das Cualificacións, é susceptible de melloras e cambios que imos introducindo ano a ano en función dunha pormenorizada análise interna dos resultados obtidos, e tamén, en función de cambios extrínsecos derivados fundamentalmente de axustes nas bases de datos que nutren a información básica.

Así pois, neste ano decidimos proporcionar un **documento de traballo** síntese do groso da información, para facilitar e axilizar o traballo das mesas de programación. Esta información sintetizada recóllese nunhas *conclusións provinciais* onde se analiza para cada provincia o resultado parcial de cada familia de formación profesional ocupacional, destacando as especialidades que arrojan mellores resultados, e as comarcas que presentan unha mellor perspectiva dende o punto de vista do mercado de traballo. Cada especialidade presenta, como orientación, un grao de prioridade o que indicaría o grao de necesidade que dende o punto de vista das variables analizadas tería a impartición de dito curso. Este grao de prioridade parte do resultado parcial de cada especialidade formativa e da familia profesional á que pertence¹.

Engádese unha orientación do perfil máis habitual do alumnado que cursa as anteditas accións formativas como resumo da información detallada no informe base deste documento de traballo.

Cómpre salientar que pode darse o caso de familias que non contén con programación nunha provincia e incluso que non poidamos recomendar especialidades nin comarcas, por non apreciarse boas perspectivas dende o punto de vista da contratación. Así mesmo, consideramos de interese a impartición das especialidades de **prioridade 1, 2 e 3**, especialidades que facemos constar en negriña indicándose tamén as de prioridade inferior cando os resultados non poidan apuntar outras situadas por riba delas. No caso de familias que contan cun bo número de especialidades a recomendar (prioridades 1, 2 e 3), optamos por incluír as máis representativas e, en caso de que se precise profundar na relación completa, remitimos ao informe base co fin de que se poida totalizar a visión das mesmas.

¹ Ver a introdución e a nota metodolóxica no informe “Prioridades da programación da formación profesional ocupacional”.

2. Metodoloxía

O informe “Prioridades de programación da formación profesional ocupacional” fundaméntase na análise de dúas variables básicas: a inserción bruta e os saldos netos.

A inserción bruta é un reflexo do resultado dos cursos programados e impartidos (período 2001-2003) xa que mide a porcentaxe de alumnos que cursan e aproban estas accións formativas e atopan un traballo no período de doce meses seguintes á finalización do mesmo (inserción bruta nos anos 2002, 2003 e 2004), independentemente de que a inserción sexa a relacionada coa especialidade cursada.

Moitas especialidades non aparecen programadas nos períodos analizados polo que foi necesario idear outro sistema para poder darlles un valor no mercado de traballo. Neste senso, decidiuse traballar coas contratacións e demandas de emprego rexistradas en ocupacións asociadas² ás distintas especialidades, considerándose que un volume de contratados superior ao número de demandas de emprego indicarían un superávit do mercado de traballo en ditas especialidades.

A combinación destas dúas variables, inserción bruta e saldos netos, proporcionan para cada familia unha listaxe de especialidades recomendadas recollidas en **tres tipos de propostas**. Por outra banda, considerouse importante considerar ditas especialidades atendendo ao resultado que presenta cada familia formativa, resultado que se recolle nos **cadros de priorización** incluídos no informe base deste traballo.

Conxugando esta idea decidiuse darlle un valor ás especialidades/familia, partindo dunha puntuación orientativa que sirva para poder priorizar os resultados. Así pois, os tres tipos de propostas aparecerían asociadas á seguinte puntuación:

- Proposta 1 (bos resultados de inserción bruta, é dicir, superior ao 60%, e saldos netos asociados positivos) = **3 puntos**

² A asociación especialidades- ocupacións vén dada por unha relación antiga na que observamos que en ocasións as especialidades aparecen asociadas a ocupacións xenéricas (por exemplo, viticultor a peón agrícola en xeral) que sesgan o resultado de dita especialidade. Por este motivo, indicamos mediante asteriscos aquelas especialidades que se ven afectadas por esta circunstancia. Cómpre salientar que o Instituto Galego das Cualificacións traballou nunca nova correlación que entrará en vigor unha vez que todos poidamos tratar a nova codificación SISPE.

- Proposta 2 (non programadas, con saldos netos positivos) = **2 puntos**
- Proposta 3 (boa inserción, é dicir, superior ao 60%, e saldo neto negativo) = **1 punto**

Estes resultados combínanse cos resultados recollidos nos cadros de prioridades³, puntuándose do seguinte xeito:

FAMILIAS PROFESIONAIS	Saldo neto (contratos- demandas) positivo	Saldo neto (contratos- demandas) negativo
Inserción media 01-03 > 60%	<u>Cuadrante 1</u> = 3 puntos	<u>Cuadrante 2</u> = 2 puntos
Inserción media 01-03 entre 40-60%	<u>Cuadrante 2</u> = 2 puntos	<u>Cuadrante 3</u> = 1 punto
Inserción media 01-03 < 40%	<u>Cuadrante 3</u> = 1 punto	<u>Cuadrante 4</u> = 0 puntos

A puntuación das especialidades recomendadas daría como resultado unha priorización das mesmas⁴:

³ Estes cadros encabezan o informe “Prioridades de programación da formación profesional ocupacional”, información base que fundamenta a análise contida neste documento de traballo.

⁴ Estas puntuacións son froito das seguintes combinacións puntuables especialidade/familias:

PRIORIDADE MÁXIMA (1)

Familia cuadrante 1 (3 puntos)+ Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **6 puntos**

PRIORIDADE ALTA (2)

Familia cuadrante 1 (3 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **5 puntos**

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **5 puntos**

PRIORIDADE MEDIA/ALTA (3)

Familia cuadrante 1 (3 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **4 puntos**

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **4 puntos**

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **4 puntos**

PRIORIDADE MEDIA/BAIXA (4)

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **3 puntos**

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **3 puntos**

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **3 puntos**

PRIORIDADE BAIXA (5)

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **2 puntos**

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **2 puntos**

NON PRIORITARIA (6)

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **1 punto**

- ❖ Prioridade (1) **Máxima** **6 puntos**
- ❖ Prioridade (2) **Alta**..... **5 puntos**
- ❖ Prioridade (3) **Media/alta** **4 puntos**
- ❖ Prioridade (4) Media/baixa..... 3 puntos
- ❖ Prioridade (5) Baixa..... 2 puntos
- ❖ Prioridade (6) Non prioritaria 1 punto

Considerándose especialmente relevantes as especialidades recomendadas de prioridade **1, 2⁵ e 3**.

A idea é seleccionar aquelas especialidades propostas que se consideran prioritarias polos seus resultados individuais, e ademais, pola súa pertenza a unha familia que obtén bos resultados provinciais.

Hai familias non programadas nunha provincia, polo que só se inclúe a súa análise cando presentan especialidades propostas que podemos considerar de xeito individual, cando non é así, se ben aparecen no Informe de programación da formación profesional ocupacional, non realizamos a análise no documento de traballo que nos ocupa.

Como complemento decidiuse incluír un **mapa comarcal**⁶ onde aparecen salientadas aquelas comarcas que presentan saldos netos positivos, é dicir, aquelas que segundo os datos de contratos e demandas presentan boas perspectivas dende o punto de vista do mercado de traballo. Con este dato tratamos de afinar máis a nosa recomendación apuntando cara ás comarcas nas que sería máis idónea a programación das familias. Hai familias que analizadas no seu resultado global non contan con bos resultados en ningunha comarca.

Por último, inclúese un pequeno apunte referido ao **perfil máis habitual** dos que cursan accións formativas en dita familia partindo, en todo caso, dos datos recollidos no informe que serve de base a este documento de traballo.

⁵ Na proposta 2 inclúense todas as especialidades con saldo neto positivo aínda que, á hora de realizar este informe, consideramos relevante un saldo neto mínimo de polo menos 5, optando en ocasións por referir especialidades da proposta 3 antes de transcribir especialidades cun saldo neto pouco menos que residual.

⁶ Ven sendo unha representación visual e ordenada por familias do **Anexo II** que acompaña o informe “Prioridades da programación da formación profesional ocupacional”.

AGRARIA (AA)


A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado, reflectíndose o peor resultado relativo no último ano analizado (39,4%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AAFR20 Viticultor (*)	4 Media/baixa
AAFR10 Fruticultor (*)	4 Media/baixa
AAOJ10 Floricultor (*)	4 Media/baixa
AAMA20 Manipulador de colleitadoras	4 Media/baixa
AAHC40 Manipulador de froitas e hortalizas	4 Media/baixa
AAGM20 Avicultor	4 Media/baixa
AAAT10 Auxiliar de turismo ecuestre	4 Media/baixa
AAGE10 Criador de cabalos (**)	5 Baixa
AAEF10 Traballador forestal	5 Baixa

(*) Estas tres especialidades están asociadas co código 94100011 **peón agrícola, en xeral**

(**) Está asociada a códigos como: 94200010 **peón gandeiro, en xeral** e 61210024 **traballador de gandería, en xeral**.



A raíz do mapa podemos concluír que a única comarca con resultados aceptables sería a de **Betanzos**, xa que a de Arzúa aparece destacada cun mínimo resultado positivo. Convén recordar que non contamos cos datos dos traballadores autónomos por comarca, polo que esta análise debe de ter en conta esta circunstancia, que incide moi directamente nunha familia como a agraria.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con certificado de escolaridade.

ADMINISTRACIÓN E OFICINAS (AO)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado, aínda que cómpre salientar unha subida paulatina da mesma chegando a acadar porcentaxes próximos ao 60% no ano 2003 (57%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AOIC10 Telefonista/recepcionista de oficina	5 Baixa
AOIC20 Secretario/a	5 Baixa
AOAG40 Administrativo contable	5 Baixa
AOAG30 Administrativo comercial	5 Baixa
AOAG20 Administrativo de persoal	5 Baixa



Non só ningunha especialidade aparece como prioritaria na súa programación, senón que, no ámbito territorial, ningunha comarca acada bos resultados parciais.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

ARTESANÍA (AR)

A **inserción bruta acada valores baixos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
ARVD20 Vidreiro artístico	5 Baixa
ARPM10 Tallador de pedra e mármore	5 Baixa
ARPC20 Gornicioneiro	5 Baixa
ARMT10 Caldeireiro de cobre artesán	5 Baixa



A raíz do mapa habería que considerar, e por esta orde, as comarcas de **Barbanza, Terra de Soneira e Bergantiños**, aínda que as especialidades aparecen recomendadas cunha prioridade baixa. Debemos recalcar a existencia de familias formativas que, máis que polas verdadeiras necesidades do mercado de traballo, teñen outras connotacións, servindo en ocasións como recuperadoras de oficios artesanais.


PERFIL TIPO: Alumno de entre 30-44 anos, muller, con ensino obrigatorio.

AUTOMOCIÓN (AU)

A **inserción bruta acada bos resultados** no período analizado, reflectíndose o mellor resultado relativo no ano 2002 (80%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AUCV10 Chapista pintor de vehículos	2 Alta
AURS20 Mecánico de vehículos pesados	3 Media/alta
AURS40 Electricista/electrónico de vehículos	4 Media/baixa
AURS30 Mecánico de motores e equipos de inxección	4 Media/baixa
AURS50 Técnico en diagnose de vehículos	4 Media/baixa



As comarcas de **Santiago e A Coruña** son as que arrojan mellores perspectivas por parte do mercado de traballo, seguidas de lonxe pola comarca do Sar.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensino obrigatorio.

COMERCIO (CC)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
CCVT20 <u>Axente comercial</u>	3 Media/alta
CCCE10 Auxiliar de comercio exterior	5 Baixa



A comarca da **Coruña** ofrece, con moita diferenza, as mellores perspectivas por parte do mercado de traballo, seguida moi de lonxe pola de Santiago. O resto das comarcas ofrecen resultados negativos.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

DOCENCIA E INVESTIGACION (DO)

A **inserción bruta acada bos resultados** no período analizado, aínda que vén diminuíndo paulatinamente ao longo do trienio analizado. Os saldos de contratos e demandas **ofrece bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
DOFF11 <u>Metodoloxía de formación aberta e a distancia</u>	1 Máxima
DOFF41 <u>Metodoloxía de análise do traballo</u>	2 Alta
DOFF20 <u>Titor da empresa</u>	2 Alta
DOFF10 <u>Formador ocupacional</u>	2 Alta
DOFF30 <u>Xestor de formación</u>	3 Media/alta
DOFF12 <u>Deseñador de medios didácticos</u>	3 Media/alta
DOFF40 <u>Técnicos de formación</u>	3 Media/alta
DOFF13 <u>Dirección de procesos de aprendizaxe</u>	3 Media/alta



As comarcas de **Ferrol e Santiago** son as que arrojan mellores perspectivas por parte do mercado de traballo, seguidas polas da Coruña e Fisterra. Moitos destes cursos son realizados por docentes que están no circuíto da contratación da formación profesional ocupacional, e de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con titulación universitaria.

SERVIZOS ÁS EMPRESAS (EM)

A **inserción bruta** acada valores discretos no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
EMDI20 <u>Técnico auxiliar en deseño industrial e interiores</u>	3 Media/alta
EMIN50 <u>Administrador de sistemas operativos de redes locais</u>	3 Media/alta
EMCE21 <u>Xestor de solvencia e financiamento empresarial</u>	3 Media/alta
EMCE10 Enquisador	4 Media/baixa
EMCE40 Xestor de colocación	4 Media/baixa
EMCE20 Xestor de cobramentos e solvencia	4 Media/baixa
EMIN10 Programador de aplicacións informáticas	5 Baixa
EMIN20 Técnico auxiliar de sistemas microinformáticos	5 Baixa



Ningunha comarca ofrece bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo, se atendemos ás contratacións e demandas asociadas ao conxunto desta familia.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato


EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS (EO)

A **inserción bruta acada bos resultados** no período analizado, mellorando a porcentaxe de inserción ao longo do período. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE ⁷	PRIORIDADE ⁸
EOTA60 <u>Vixiante de seguridade e hixiene</u>	1 Máxima
EOAC40 <u>Colocador de pavimentos lixeiros</u>	1 Máxima
EOTA32 <u>Práctico en topografía para obra urbana</u>	1 Máxima
EOTA80 <u>Encargado de obra civil</u>	1 Máxima
EOAC10 <u>Pintor</u>	1 Máxima
EOES10 <u>Encofrador</u>	1 Máxima
EOXX02 <u>Mantedor reparador de edificios (*)</u>	2 Alta
EOTA70 <u>Encargado en obra de edificación</u>	2 Alta
EOES30 <u>Operario de formigóns</u>	2 Alta
EOTA02 <u>Cálculo estruturas planas e espaciais de formigón</u>	2 Alta

(*) Esta especialidade está asociada ao código 71100016 **albanel**.



As comarcas da **Coruña e Santiago** son as que arrojan mellores perspectivas por parte do mercado de traballo. En xeral, é unha familia con bos resultados provinciais.

PERFIL TIPO: Alumno de entre 18-24 anos, home, con ensino obrigatorio.

⁷ Especialidades como albanelería e cantería están moi presentes nesta provincia pola proliferación das escolas obradoiro e obradoiros de emprego, polo que non priorizamos a programación das súas áreas profesionais a pesar dos seus bos resultados. Ver Anexo II no “documento de traballo”.


⁸ Hai máis especialidades recomendables no informe “prioridades de programación”.

FABRICACIÓN DE EQUIPOS ELECTROMECAÑICOS (FE)

A **inserción bruta acaba bos resultados** no período analizado, aínda que último ano analizado é o de inserción máis baixa (55,4%). Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
FEEE10 <u>Electricista industrial</u>	1 Máxima
FECM10 <u>Caldeireiro tubeiro</u>	1 Máxima
FEMI10 <u>Montador- axustador</u>	2 Alta
FECM30 <u>Supervisor de soldadura</u>	2 Alta
FEEL10 <u>Auxiliar de montaxes electrónicas</u>	3 Media/alta
FEMI60 <u>Preparador- programador máquinas ferramentas CNC</u>	3 Media/alta



As comarcas da **Coruña e Eume** son as que arrojan mellores perspectivas por parte do mercado de traballo, seguidas polas de Betanzos, Santiago, Ordes e Barbanza.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS (IA)

A **inserción bruta acada valores baixos** no período analizado, reflectíndose o peor resultado no ano 2003 (29,2%). Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IACN10 Elaborador de conservas de produtos de pesca	4 Media/baixa
IACN14 Técnico de semiconservas de peixe	4 Media/baixa
IACN13 Técnico de conservas de peixes e mariscos	4 Media/baixa
IACN12 Técnico de almacén, recepción e expedición dos produtos pesqueiros	4 Media/baixa
IACN11 Axudante de conservas de produtos de pesca	4 Media/baixa
IAIP10 Panadeiro	4 Media/baixa
IAIC10 Matachín	4 Media/baixa
IACN30 Procesador de produtos conxelados	4 Media/baixa



As comarcas que presentan mellores perspectivas son as de **Barbanza, Muros, O Sar e Ortegal**.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

INDUSTRIAS GRÁFICAS (IG)

A **inserción bruta** acada **valores discretos** no período analizado, obtendo os peores resultados relativos no ano 2001(25%) polo que podemos falar de certa melloría ao respecto. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IGIM30 Impresor offset dunha cor	4 Media/baixa
IGIM60 Impresor de pequeno formato	4 Media/baixa
IGIM50 Impresor de serigrafía	5 Baixa



A comarca de **Arzúa** aparece resaltada cun resultado mínimo.


PERFIL TIPO: Alumno de entre 25-29 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

INFORMACIÓN E MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS (IM)

A **inserción bruta acada bos resultados** no período analizado, destacando o último ano analizado como o de maior inserción (69,8%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IMIS50 <u>Técnico en audiovisuais</u>	2 Alta
IMIS80 <u>Operador de cámara</u>	2 Alta
IMAB10 <u>Luminotécnico</u>	3 Media/alta
IMAB20 <u>Rexedor de escea</u>	3 Media/alta
IMAB40 <u>Técnico de vestiario</u>	3 Media/alta
IMIS21 <u>Operador de telecine</u>	3 Media/alta
IMIS40 Técnico de son	4 Media/baixa
IMIS30 Editor-montador de imaxe	4 Media/baixa



Os bos resultados comarcais redúcense exclusivamente a **Santiago**.


PERFIL TIPO: Alumno de entre 18-24 anos, home, cun nivel académico de bacharelato

INDUSTRIA PESADA E CONSTRUCIÓNS METÁLICAS (IP)

A **inserción bruta acaba moi bos resultados** no período analizado, destacando o último ano analizado como o de maior inserción (86,7%). Os saldos de contratos e demandas **tamén ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IPCM50 <u>Soldador de estruturas metálicas lixeiras</u>	1 Máxima
IPCM10 <u>Caldeireiro industrial</u>	1 Máxima
IPCM20 <u>Tubeiro industrial</u>	1 Máxima
IPCM53 <u>Construtor- soldador estrut. metálicas...</u>	2 Alta
IPCM40 <u>Montador de estruturas metálicas</u>	2 Alta
IPCM30 <u>Carpinteiro metálico e de PVC</u>	2 Alta
IPCM71 <u>Soldador de tubos de alta presión con TIG e eléctrodo homologacións 1g, 2g, 5g e 6g</u>	2 Alta
IPCM70 <u>Soldador de tubos e recipientes</u>	2 Alta
IPCM13 <u>Calorifugador</u>	2 Alta
IPCM60 <u>Soldador estruturas metálicas pesadas</u>	2 Alta



Aparecen salientadas **A Coruña, Eume e Betanzos**⁹.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.


⁹ Aparecen escolas obradoiro referidas a área profesional de construcións metálicas pero concentradas en dúas comarcas que non aparecen dentro das máis destacadas, Bergantiños e Ferrol.

INDUSTRIAS QUÍMICAS (IQ)

Só estivo programada no ano 2001 obtendo unha **inserción baixa** do 35,7%. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IQPC10 Operador de transformación de plástico e caucho	5 Baixa
IQLQ10 Auxiliar de laboratorio	5 Baixa
IQIP10 Operador de industria papeleira	5 Baixa
IQIP30 Operador de fabricación de papel e cartón	5 Baixa
IQQB10 Operador de planta química	5 Baixa



Ningunha comarca aparece resaltada polos resultados no conxunto da familia.


PERFIL TIPO: Alumno entre 25-29 anos, muller, con titulación universitaria.

INDUSTRIAS TÉXTILES (IT)

A inserción bruta acadou resultados discretos no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
ITET50 Preparador de disolucións	4 Media/baixa
ITHL10 Procesador de fibras	4 Media/baixa
ITCL20 Cortador de coito, ante e napa	4 Media/baixa
ITTN10 Procesador de teas non tecidas	4 Media/baixa
ITCI80 Control de calidade de confección	4 Media/baixa



As comarcas con mellores resultados son as de **Bergantiños e A Coruña**, seguidas de lonxe pola de Xallas.

PERFIL TIPO: Alumno de entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.


INDUSTRIAS DA MADEIRA E A CORTIZA (MD)

A **inserción bruta** presenta unha notable melloría nos últimos anos analizados, obtendo o **mellor resultado no ano 2002** (65,2%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
MDFS40 Ebanista	3 Media/alta
MDPT30 Operador de fabricación de chapa....	4 Media/baixa
MDFC31 Operador de lixado en industrias	4 Media/baixa
MDTC20 Tapoeiro	4 Media/baixa
MDTC30 Operador fabricación artigos de cortiza	4 Media/baixa
MDPT50 Operador fabricac. taboleiros partículas e de fibras	4 Media/baixa
MDFC40 Operador de armado e montaxe ...	5 Baixa
MDFC10 Proxectista de carpintería e moble	5 Baixa
MDXX02 Operador de máq. control numérico	5 Baixa
MDFC30 Mecanizador de madeira e taboeiros	5 Baixa

(*) Esta especialidade está asociada ao código 71300018 **carpinteiro**.



As comarcas con mellores resultados son as da **Coruña e Bergantiños**¹⁰. O Sar e Fisterra, aínda que por detrás, tamén ofrecen boas perspectivas.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

¹⁰ Tanto a comarca da Coruña como a de Bergantiños contan con escolas obradoiro nas que se imparte a especialidade de carpintería. Por outra banda, a especialidade con mellor resultado pertence á área profesional de carpintería (MDFS40), pero dado os bos resultados obtidos optamos por deixala destacada no informe.


MINERÍA E PRIMEIRAS TRANSFORMACIÓNS (MN)

Non hai datos de inserción xa que **non se programou** en ningún dos tres anos analizados. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

As especialidades formativas que arrojan mellores resultados nesta provincia son as que seguen:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹¹
MNEM50 Electromecánico mineiro (*)	
MNTM30 Operador de planta de beneficio de rochas para ornamentación	

(*) Esta asociada a códigos como os seguintes: 76130081 **mecánico reparador máquina de construción, movemento de terras** e 76130335 **electromecánico de mantemento industrial (mantemento e reparación en xeral)**.



A única comarca que reflicte bos resultados é a da **Coruña**.


¹¹ Ao non haber datos de inserción non podemos seguir os criterios de priorización aplicados noutras familias.

MONTAXE E INSTALACIÓNS (MO)

A **inserción bruta acaba bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **tamén ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹²
MOEE01 <u>Automatismo de control programable</u>	1 Máxima
MOFC12 <u>Frigorista instalacións refrixeración...</u>	1 Máxima
MOFC10 <u>Frigorista</u>	1 Máxima
MOEE14 <u>Electronicista básico de edificios</u>	1 Máxima
MOEE10 <u>Electricista de edificios</u>	1 Máxima
MOMI10 <u>Instalador máquin. e equipos industriais</u>	1 Máxima
MOMI13 <u>Instalador de ascensores e montacargas</u>	2 Alta
MOEE11 <u>Iluminación publicitaria</u>	2 Alta
MOMI12 <u>Instalador-montador de cadeas e cintas de fabricación e transporte</u>	2 Alta
MOFC11 <u>Frigorista instalacións refrixeración comerciais</u>	2 Alta



Aparecen salientadas **A Coruña, Santiago e Eume**; os resultados en Ferrol, Ordes e Bergantiños tamén ofrecen boas perspectivas no mercado de traballo.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.


¹² Hai máis especialidades recomendables no informe “prioridades de programación”.

MANTEMENTO E REPARACIÓN (MR)

A **inserción bruta acaba bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **tamén ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹³
MRMI14 <u>Mecánico de mantemento hidráulico</u>	1 Máxima
MRMI15 <u>Mecánico de mantemento pneumático</u>	1 Máxima
MRMI10 <u>Mecánico de mantemento</u>	1 Máxima
MREE10 <u>Electricista de mantemento</u>	1 Máxima
MRMI20 <u>Electromecánico de mantemento</u>	1 Máxima
MRCM10 <u>Mantedor de estruturas metálicas</u>	1 Máxima
MRMI24 <u>Mantedor de sistemas electrohidráulicos</u>	2 Alta
MRMI26 <u>Mantedor de máquinas rotativas</u>	2 Alta
MREE11 <u>Mantemento instalac. automatizadas controladas por autómatas programables</u>	2 Alta
MRMI13 <u>Montaxe posta a punto e lubrificación</u>	2 Alta



Aparecen salientadas **A Coruña, Santiago, Eume e Bergantiños**; os resultados en Ordes e Barbanza tamén ofrecen boas perspectivas no mercado de traballo.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.


¹³ Hai máis especialidades recomendables no informe “prioridades de programación”.

PESCA E ACUICULTURA (PA)

Non hai datos de inserción xa que **non se programou** en ningún dos tres anos analizados. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

As especialidades formativas que arrojan mellores resultados nesta provincia son as que seguen:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹⁴
PAPL20 Pescador de litoral	
PAPL10 Pescador de baixura	
PABU10 Mergullador profesional	
PAPS10 Pescador de altura e gran altura	



A única comarca que reflicte bos resultados é a de Barbanza, seguida moi de lonxe por Bergantiños.


¹⁴ Ao non haber datos de inserción non podemos seguir os criterios de priorización aplicados noutras familias.

PRODUCCIÓN, TRANSF. E DISTRIBUC. DE ENERXÍA E AUGA (PT)

A inserción bruta é moi boa no período analizado (especialmente salientable a porcentaxe do 78,3% do ano 2003). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
PTDT10 <u>Operario de redes e centros de distribuc. de enerxía eléctrica</u>	3 Media/alta
PTDT30 <u>Operador de centros de manobra de distribución de enerxía eléctrica</u>	3 Media/alta
PTTR20 <u>Operario de subestacións eléctricas de alta tensión</u>	3 Media/alta
PTER30 Técnico sistemas de enerxías renovables	4 Media/baixa
PTER10 Instalador sistem. fotovoltaicos e eólicos	4 Media/baixa



A comarca con mellor resultado é a **da Coruña**, seguida de lonxe pola de Bergantiños e Barbanza.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.


SANIDADE (SA)

A **inserción bruta** acadada valores discretos ao longo do período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SATR30 Técnico en radioterapia	4 Media/baixa
SACA01 Atención especializada para enfermos de alzhéimer (*)	5 Baixa
SACA20 Auxiliar enfermaría en hospitalización	5 Baixa
SACA10 Celador sanitario	5 Baixa

(*) Está asociada ao código 51110033 **auxiliar de enfermería en xeriatria**.



A única comarca que presenta boas perspectivas por parte do mercado de traballo é a de **Barbanza**.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.


SEGUROS E FINANZAS (SF)

A **inserción bruta acada valores discretos** ao longo do período analizado, se ben, no último ano analizado a porcentaxe aparece rozando o 60% de inserción, mellorando notablemente os resultados dos anos anteriores. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SFFN30 Empregado de operacións internacionais (*)	3 Media/alta
SFFN50 Xestor comercial de servizos financeiros	3 Media/alta
SFFN60 Empregado xestión financeira empresas	5 Baixa

(*) Esta especialidade está asociada a códigos incluídos dentro do grupo 4023 **empregados de oficina de servizos de transporte**.



A única comarca que presenta boas perspectivas por parte do mercado de traballo é a de **Muros**.

PERFIL TIPO: Alumno entre 25-29 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

SERVIZOS Á COMUNIDADE E PERSOAIS (SP)

A **inserción bruta acada valores discretos** ao longo do período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SPPC20 <u>Axudante técnico en protección civil</u>	3 Media/alta
SPBF40 <u>Monitor deportivo</u>	3 Media/alta
SPBF50 Monitor actividades acuáticas para persoas discapacitadas (*)	4 Media/baixa
SPAS20 Monitor de educación ambiental (**)	4 Media/baixa
SPAS01 Coidador discapacitados físicos e psíquicos	4 Media/baixa
SPRC20 Operario de centro de recreo	4 Media/baixa
SPRC10 Crupier	4 Media/baixa
SPZZ80 Curso básico loita contra o lume	4 Media/baixa
SPAR10 Operador estacións depuradoras de augas residuais (***)	4 Media/baixa
SPPC30 Vixilante nocturno -sereno	4 Media/baixa

(*) Esta especialidade está asociada a dous códigos: 35450160 **monitor deportivo** e 52910016 **bañista-socorrista**.

(**) Está asociada á ocupación 35320023 de **animador sociocultural**.

(***) Esta especialidade está asociada ao código 97000075 **peón da industria química**.



Atendendo aos resultados para o conxunto da familia ningunha comarca conta con boas perspectivas no mercado de traballo.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS (TC)

A **inserción bruta acaba bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **tamén ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹⁵
TCXX10 <u>Conselleiro de seguridade</u>	1 Máxima
TCTC40 <u>Condutor de autobús</u>	1 Máxima
TCTC31 <u>Condutor de vehículos clase C1-C</u>	1 Máxima
TCTC30 <u>Condutor de camión pesado</u>	1 Máxima
TCTC32 <u>Condutor camiões remolque clase E</u>	2 Alta
TCTC20 <u>Condutor de vehículos lixeiros de motor</u>	2 Alta
TCTM20 <u>Operador de estiba/desestiba e desprazamento de cargas</u>	2 Alta
TCTC41 <u>Condutor de vehículos clase D</u>	2 Alta
TCTA20 <u>Operador centros facilitación portuaria</u>	2 Alta



Aparecen salientadas **A Coruña, Santiago, Ferrol, Bergantiños e Barbanza**; os resultados en Ordes e Eume tamén ofrecen boas perspectivas no mercado de traballo.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

¹⁵ Hai máis especialidades recomendables no informe “prioridades de programación”.

TURISMO E HOSTALERÍA (TH)


A **inserción bruta** acadou **resultados discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
THFC10 <u>Azafata/auxiliar de congresos</u>	2 Alta
THRS30 <u>Xefe de cociña (*)</u>	2 Alta
THRS40 <u>Camareiro/a de restaurante- bar</u>	2 Alta
THRS50 <u>Xefe de sala/maitre (**)</u>	2 Alta
THRS60 <u>Sumiller (**)</u>	2 Alta
THXX01 <u>Portugués, bar-restaurant e pisos-lencería (**)</u>	3 Media/alta
THAV10 <u>Empregado/a de axencia de viaxes</u>	4 Media/baixa
THAV20 <u>Guía de ruta</u>	4 Media/baixa
THID10 <u>Técnico en información turística</u>	4 Media/baixa
THID20 <u>Axente de desenvolvemento turístico</u>	4 Media/baixa

(*) Esta especialidade está asociada ao código 50100017 **cociñeiro, en xeral**.

(**) Estas especialidades están asociadas ao código 50200018 **camareiro, en xeral**



Aparecen salientadas **A Coruña, Santiago, Barbanza, Ferrol e Fisterra**; os resultados en Eume, Betanzos, Arzúa e Bergantiños tamén ofrecen boas perspectivas no mercado de traballo.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.